

FEDERACIÓN PROVINCIAL ANPA DE LUGO

**A
S
E
M
B
L
E
A**

PIORNEDO, 14 de abril 2018

ASEMBLEA 2018

DOCUMENTACIÓN

INDICE:

- PRESENTACIÓN
- CONVOCATORIA ASEMBLEA ORDINARIA
- ASEMBLEA 2017 E ACTAS
- MEMOIRIA
 - o AXENDA DE ACTIVIDADES
 - o PRENSA
 - o MEMORIA GRÁFICA
- ESTADO DE CONTAS



Prezadas familias:

Este ano loitamos polos comedores dos centros educativos que non teñen alumnado transportado, pedindo que os xestione a Xunta de Galicia de forma directa, sen que queden a expensas da boa disposición dos concellos ou das ANPA, e como recurso educativo que é e que recoñece no seu decreto a Xunta para favorecer a conciliación laboral e familiar.

Tamén seguimos pelexando pola necesaria revisión das zonas de adscrición dos centros escolares nas cidades, sen tocar desde hai máis de 30 anos

Loitamos por un Plan educativo específico para o Rural, e sobre todo para que se contemplen as peculiaridades dos concellos da montaña en canto ás ratios profesorado/alumno, especialistas de infantil....

Entregamos ás autoridades educativas os documentos que fixéramos coas vosas achegas, as ANPA asociadas, e que tiña o nome de "A educación que queremos"; así como o informe da Educación na montaña.

Un ano máis, convocámosvos a esta asemblea para poñer en común os esforzos realizados este ano pasado en defensa do ensino público.

Dende FAPACEL, seguiremos a traballar para acadar un modelo de escola pública participativa, integradora, laica, pluralista e que eduque na diversidade, na tolerancia e na solidariedade. Persequimos o fin egoísta de conseguir unha sociedade mellor. E necesitamos de toda a cidadanía para conseguilo.

Xunta Directiva



CONVOCATORIA ASEMBLEA ORDINARIA

Convocatoria Asamblea Xeral Ordinaria FAPACEL

Convocamos a todas as ANPA asociadas a FAPACEL, o próximo día 14 de abril de 2018, ás 16.00 horas en primeira convocatoria e ás 16:30 horas en segunda, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1.- Presentación.
- 2.- Aprobación da Memoria Anual.
- 3.-Lectura do Balance de Contas do exercicio correspondente ao ano 2017 e aprobación, se procede do mesmo, e presentación do Orzamento Económico para 2018.
- 4.- Cota socio e dos seguros
- 5.-Presentación de propostas de actividades por parte das ANPA.
- 6.- Proxectos da federación FAPACEL e da Confederación ANPA GALEGAS
- 7.- Xestión comedores escolares.
- 8.- Diversidade e necesidades educativas especiais.
- 9.- Debate sobre o ensino público
- 10.- Roldas de intervención

A reunión terá lugar en Piornedo (Cervantes).

*(Para poder ter dereito a voz e voto é necesario atoparse ao corrente do pago da cota de socio do curso 2017/2018. **O número máximo de votos será de 2 persoas por ANPA**).*

Poderán asistir as familias das ANPA asociadas que o desexen, xa que haberá actividades para a rapazada.

Ás 10:30 horas faremos unha ruta etnográfica acompañados de guías. Comezará diante da escola de Piornedo. Prégase calzado adecuado de montaña.

Ás 14h. será o xantar na Cantina Mustallar (prezo 12 euros por persoa). A rapazada deberá levar bocadillo, xa que farán actividades ao aire libre.

Prezo: 5 euros persoa (inclúe ruta, visita palloza- museo e actividades lúdicas para a rapazada).

Deseguido (16:30 horas aproximadamente) faremos a asemblea

Para unha boa organización da xornada solicitamos **CONFIRMAR ASISTENCIA antes do 1 de abril de 2018.**

A asistencia poderase confirmar no correo electrónico: FAPACEL@hotmail.com ou no teléfono: 609 983 876 (Ascen)

En Lugo a 19 de marzo de 2018

ACTA ASEMBLEA 2017 E ACTAS XUNTAS DIRECTIVAS

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA ANUAL

O sábado 11 de marzo de 2017 ás 11.00 horas en primeira convocatoria e ás 11.30 horas en segunda na ANTIGA BIBLIOTECA de BURELA reúnese a Federación de ANPA de centros públicos da provincia de Lugo (FAPACEL) na súa asemblea anual.

As ANPA asistentes foron: Marqués de Sargadelos, Poeta Uxío Novoneyra, Gregorio Sanz, Santa Rita de Galdo, Pedro Caselles Rollán, Juan Rey, Virxe do Carme, Fondo Nois, Escola Infantil de Burela, Nº1 de Foz, O Salvador, Sanxillao, As Mercedes.

Orde do día

1. **Aprobación da Memoria Anual.** Quedou aprobada
2. **Lectura do Balance de Contas do exercicio correspondente ao ano 2016 e aprobación se procede do mesmo, e presentación do Orzamento Económico para 2017**

CONTAS DO EXERCICIO CORRESPONDENTE AO ANO 2016

Ingresos	13.485 ,00€
Gastos.....	17.359,71€
Total (perdas).....	9.055,67€

Saldo en caixa máis conta bancaria.....582,10€

Pendente de ingresar do Convenio 2016 da Deputación.....10.000€

Quedaron aprobadas as contas de 2016

ORZAMENTO 2017

INGRESO de cotas, subvencións e convenio 2017.....24.900€

GASTOS: persoal de oficina, telefonía, material de oficina, bancarios, asesores, contratación de servizos, publicidade, imprenta, etc.....23,780€

3. **Elección de Xunta Directiva** (de acordo cos artigos 17 e 27 dos Estatutos da Federación).

A xunta directiva quedou conformada da seguinte maneira:

Presidenta Belén Díaz Parga do Ceip as Mercedes de Lugo

Vicepresidente, Berta Villamor do IES Ollos Grandes de Lugo

Secretario, Froilán Pallín, do IES Sanxillao de Lugo

Tesoureira, Adela Soler de Becerrea

Vogais: Montserrat Cabaneiro de Pastoriza, Pilar Veiga do Courel, Lara Méndez de Currelos- O Saviñao, Isabel Calvete de Cervantes, Antonio Pillado de Cervo, Beatriz Irigoyen de Ribadeo, Geovana Trelles de Burela, e de Lugo: Olalla Radio do Ceip Paradaí, Carlos García do Luis Pimentel e Luis Blanco do IES Sanxillao

4. **Rogos e preguntas.**

Temas que se trataron:

- Os recortes de profesorado nos centros educativos,
- Pouca transparencia e inflexibilidade dos contratos coas empresas do transporte escolar, que son ás veces as que determinan os horarios dos centros, ou que hai ANPA que contratan a maiores un ou dous autobuses para paliar as carencias no servizo da consellería;
- A situación laboral irregular das nais que colaboran na vixilancia do alumnado nos comedores que xestiona a Xunta directamente...

Entre os asistentes, chegouse ao compromiso de traballar de forma conxunta e coordinada entra as ANPA da Mariña

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 14:30h

O Secretario

Vº e Prace a Presidenta

Asdo. Froilán Pallín Seco

Asdo. Belén Díaz Parga

Acta da Reunión Ordinaria da Xunta Directiva da FAPACEL

Asistentes:

Froilán Pallín
Belén Díaz
Luis Blanco
Isabel Calvete
Nieves Vergáz

En Lugo, o 19 de xaneiro de 2017 ás 17:15 horas en primeira convocatoria e ás 17:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL en Augas Férreas coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

- 1.- Subvencións Xunta de Galicia
- 2.- Certificado das ANPA que pertencen a FAPACEL para ANPA Galegas
- 3.- Memoria de actividades para a Xunta
- 4.- Nomeamento de representante ante a Xunta
- 5.- Trámites bancarios
- 6.- Convenio Deputación 2016 e 2017
- 7.- Suxestións

Comeza a sesión ás 15:30 horas.

Lectura e aprobación acta anterior do 23 de novembro de 2016

1.- Subvencións Xunta de Galicia

Se propón solicitar nesta subvención

- A guía para nais e pais “Comunicándome con asertividade” na súa elaboración coma os talleres que realizará o centro psicoeducativo Crea.

- O obradoiro destinado a rapazada que realizárase a na asemblea
- As nóminas que correspondan
- E aqueles gastos que sexan necesarios.

O anterior nomeado se reflectirase nunha memoria para presentar a Xunta de Galicia

2.- Enviarase certificado das ANPA que pertencen a FAPACEL para ANPA Galegas

3.- Nomeamento de representante ante a Xunta pospóñese para a seguinte xuntanza

4.- Administración de xustiza: Axencia Tributaria de Galicia

A presidenta Belén Díaz adianta a cantidade de 900 euros para o pago dos custes do xuízo que se perdeu fronte a Xunta de Galicia e que non estaban presupostados no orzamento. E non temos cartos suficientes na Caixa Rural. Devolverase o máis pronto posible.

5.- Convenio Deputación 2016 e 2017

Froilán chamará á Deputación porque non ingresaron a subvención do 2016. Solicitar reunión na Deputación un día pola tarde para falar do convenio 2017.

6.- Xuntarse coa CIG e STEG para falar da zonificación.

7.-Organizar a asemblea 2017 na costa. Hai que convocar (vale por correo electrónico) cun mes de antelación para presentar candidaturas. Límite: 11 de febreiro. Contactar coas ANPA para temas organizativos: local, xantar...

8.- Solicitar reunión co concello:

Temas a tratar:

- Implicación na zonificación

- Rutas seguras
- Reforzar liñas de buses urbanos coincidindo coas entradas e saídas dos coles...
- Solicitar local para FAPACEL

Varios

- Informarse sobre o Emprégate na Deputación.
- Charlas de RCP (reanimación cardiopulmonar) para o alumnado, dando prioridade aos centros do rural. Isabel encargárase
- Outros temas preocupantes que se poderían tratar: ludopatía, menores nas redes...

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 20:30h

O Secretario

Vº e Prace o Presidente

Asdo. Froilán Pallín Seco

Asdo. Belén Díaz Parga

Acta da Reunión Ordinaria da Xunta Directiva da FAPACEL

Asistentes:

Belén Díaz
Froilán Pallín
Isabel Calvete
Adela Soler
Carlos García
Pilar Veiga
Luís Blanco
Montserrat
Cabaneiro

En Lugo, o día 24 de marzo de 2017, ás 18:30h reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL na sede da Federación (CEIP Virxe da Soidade, rúa Virxe da Soidade s/n) con a asistencia dos membros que aparecen no marxe, coa ausencia de Lara Méndez, Geovana Trelles, Olalla Radio que excusan asistencia, e coa seguinte:

Orde do Día:

- 1.- Convenio Deputación 2016
- 2.- Convenio Deputación 2017
- 3.- Organización charla-taller "Comunicándome con asertividade"
- 4.- Actividades a realizar
- 5.- Suxestións

Comeza a sesión ás 18:30 horas.

1.- Lectura e aprobación acta anterior do 22 de febreiro de 2017

2.- Convenio Deputación 2016

Presentaremos a xustificación este luns para que ingresen os 2000 euros que aínda non ingresaron (dos 10000)

3.- Convenio Deputación 2017

Nominal 10000 euros. Sacarán unha liña específica para ANPA.

Propor a mesma actividade do ano pasado. Potenciar o galego e a cultura de Galicia.

4.- Organización charla-taller "Comunicándome con Asertividade"

Realizarase polo Centro psicopedagóxico CREA, a cargo de Cristina López, Zéltia Méndez, Lucía Fernández e Carmen Moreno. Cada taller será impartido por dúas ponentes. E terá lugar en: San Miguel de Reinante, Foz, Guitiriz, Triacastela, Chantada (Xoán de Requeixo), Lugo (CEIP Luis Pimentel e Paradai) Burela, Becerreá, e Seoane do Courel. Presentarase na subvención da Xunta de Galicia

5.- Actividades propostas a realizar

Acordamos fixar un prezo mínimo (+-200 euros) e un máximo (+- 450 euros) por actividade.

- Igualdade nas aulas, na escola...
- Alternativas ao castigo
- Alimentación saudable
- Redes
- Intelixencia emocional
- Acoso escolar
- Primeros auxilios
- Xogos tradicionais
- Monicreques
- Actuacións musicais
- Obradoiros
- Teatro

....

6.- Suxestións.

Froilán informa que o venres 7 de abril hai reunión e pide propostas para levar dende a Federación. Quedamos en aportalas antes da reunión.

Apoiar a reivindicación dos Educadores Sociais de introducirse nos centros escolares.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 20:30h

O Secretario

Vº e Prace o Presidente

Asdo. Froilán Pallín Seco

Asdo. Belén Díaz Parga

Acta da Reunión Ordinaria da Xunta Directiva da FAPACEL

Asistentes:

Luís Blanco
Froilán Pallín
Belén Díaz
Carlos García
Olalla Radio
Berta Villamor
Nieves Vergaz
Adela Soler
Geovana Trelles

En Lugo, o 26 de abril de 2017 ás 17:15 horas en primeira convocatoria e ás 17:30h en segunda, na Piringalla reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

- 1.- Subvencións Xunta de Galicia
- 2.- Certificado das ANPA que pertencen a FAPACEL para ANPA Galegas
- 3.- Memoria de actividades para a Xunta
- 4.- Nomeamento de representante ante a Xunta
- 5.- Trámites bancarios
- 6.- Convenio Deputación
- 7.- Suxestións

Comeza a sesión ás 17:30 horas.

1.- Lectura e aprobación acta anterior 24 de marzo de 2017

2.- Subvencións Xunta de Galicia

Presentarase memoria que levará o taller de Asertividade e gastos de funcionamento. Nomease a Froilán coma representante ante a Xunta

3.- Certificado das ANPA que pertencen a FAPACEL para ANPA Galegas

Mandouse a listaxe a ANPA Galegas

4.- Trámites bancarios

Adela Soler (tesoreira) e Belén Díaz (presidenta) deberán ir a Caixa Rural para as sinaturas bancarias.

6.- Convenio Deputación 2017

Realizaranse as seguintes actividades: Lanterna Máxica, obra de teatro PingüiSOS, xogos tradicionais, actividade musical Brinca Vai!, Monicreques e charlas: “Acoso escolar un problema de todos” e “A presenza dos menores na rede”.

Presentarase a solicitude do convenio xunto ca memoria e actuará coma representante M^a Ascensión García Pecharromán (secretaria administrativa)

7.- Se contactará con los sindicatos para que acompañen e participen nas charlas que soliciten as ANPA sobre as reválidas

8.- Luis Blanco Rivadulla (vogal) renova o nomeamento na Comisión escolarización.

9.- Suxestións

Lugonovo propón unha reunión connosco para que lles achegemos propostas para levar ao parlamento

Proponse facer un campamento alternativo para que o alumnado non vaia as reválidas. Facelo conxunto dos coles de Lugo? En Frigsa? Olalla e Carlos quedan en mirar o tema. Sería unirse ao que organizaron os do CEIP Luis Pimentel o ano pasado

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 20:00h

O Secretario

Vº e Prace o Presidente

Acta da Reunión Ordinaria da Xunta Directiva da FAPACEL

Asistentes:

Luís Blanco
Froilán Pallín
Belén Díaz
Isabel calvete
Carlos García
Olalla Radio
Nieves Vergaz

En Lugo, o 9 de xuño de 2017 ás 19:00 horas en primeira convocatoria e ás 19:15h en segunda, no Cei-nodus do Concello de Lugo en Garabolos, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

- 1.- Lectura e aprobación acta anterior.
- 2.- Valoración campaña das reválidas
- 3.- Ensino no rural.
- 4.-Subvencións e programas. Asistencia e satisfacción. Lingua de signos”.
- 5.- Comezo de curso. Que facer o último trimestre
- 6.- Propostas a ANPA Galegas
- 7.- Varios

Comeza a sesión ás 19:15 horas

1.- Lectura e aprobación da acta anterior do 26 de abril de 2017

Apróbase a acta anterior.

2.- Valoración campaña das reválidas: positiva, boa colaboración e ben organizada.

3.- Ensino no rural

Isabel, Froilán e Javier (ANPA Galegas) foron á reunión da Nova Escola Galega. Falaron de cuestionar o emprego de 1200 millóns de euros que veñen de Europa para Galicia, e preguntar no parlamento o uso deses cartos.

Comentouse o de apoiar ao Colexio de Educadores Sociais polo seu traballo importantísimo no rural

Acordouse volver entregar en rexistro o Plan Específico de Rural que fixera Isabel e que xa se entregara na Xunta, pero que na última reunión coa delegada da Consellería de Educación dixo descoñecer.

No Concello de Cervantes vaise pedir “zona especial para a montaña”.

Isabel quedou en facer un escrito para que as ANPA do rural o presenten nos concellos. Coordinalos a través de ANPA Galegas.

4.- Quedou pendente de organizar Lingua de signos, aportar propostas a ANPA GALEGAS e as actividades a facer no último trimestre

5.- En varios se falou da zonificación escolar que segue sen corresponder ca realidade da cidade de Lugo, e informou Luis Blanco do reparto das prazas nos CEIP E IES de Lugo

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 21:00h

O Secretario

Vº e Prace o Presidente

Asdo. Froilán Pallín Seco

Asdo. Belén Díaz Parga

Acta da Reunión Ordinaria da Xunta Directiva da FAPACEL

Asistentes:

Froilán Pallín

Belén Díaz

Isabel calvete

Carlos García

Olalla Radio

En Lugo, o 25 de setembro ás 18:00 horas en primeira convocatoria e ás 18:15h en segunda, no local da FAPACEL no Cei-nodus do Concello de Lugo en Garabolos, réunese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe (suxtificaron a súa ausencia Luís Blanco e Adela Soler) e coa seguinte:

Orde do Día:

1. Aprobación da acta anterior se procede
2. Informe da presidencia
3. Acordar o novo domicilio de FAPACEL
4. Comunicar as ANPA que non pagaron as cotas que están de baixa, e listaxe das ANPA socias.
5. Estado de contas, ordes de pago.
6. Organización actividade Curso básico de lingua de signos en colaboración con ANPA GALEGAS.
7. Actividades realizadas a presentar a Xunta de Galicia e as realizadas do convenio ca deputación do 2017 e as que están pendentes.
8. Organizar concurso de postais do nadal.
9. Comedores escolares
10. Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e FAPACEL
11. Suxerencias.

Comeza a sesión ás 18:15 horas

1.- Lectura e aprobación da acta anterior do 9 de xuño 2017

Apróbase a acta anterior.

2.-Acórdase, por unanimidade da xunta directiva, que o novo domicilio da FAPACEL é

Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

E se comunicará ás administracións, Caixa Rural, socios, provedores e aqueles que se precise.

3.-As **ANPA que non fixeron o ingreso** da cota deste ano se lles comunicará que teñen que facelo antes do 10 de outubro. Se non daranse de baixa e non terán dereito ás actividades aínda que as teñan confirmadas e se fará constar que os seguros de responsabilidade civil e accidentes do voluntariado son obrigatorios aínda que non estean na FAPACEL.

4.-Estado de contas

Saldo actual 24 de setembro en Caixa Rural	3.759,00 €	
		CALCULO
Seguro AXA DAS ANPA	1.692,00 €	APROXIMADO
SEGURIDADE SOCIAL AGOSTO	234,72 €	
RETENCIÓN IRPF	600,00 €	cálculo aproximado
		2.526,72 € total
DIÑEIRO DISPOÑIBLE	1.232,28 €	

Farase o pagamento do pendente con

Ascensión García 164.18€ por selos de envío de correos, taxas administrativas por trámite cambio de xunta directiva, comida de monitores das I Xornadas de ANPA GALEGAS NO RURAL, agasallo a Mani pola súa marcha e portes (aportou 105€) dos mobles do traslado das Gándaras a Garabolos o 15 de setembro de 2017, e a Belén de 20 € polo mesmo concepto.

Irase pagando cos cartos que teñamos dispoñibles as actividades e gastos que pertencen á Subvención solicitada á Xunta de Galicia.

Froilán Pallín falará novamente coa Deputación para que fagan o ingreso o antes posible do Convenio de 2016 e se proceda a asinar o de 2017.

5.- Curso básico de lingua de signos.

Ante a imposibilidade de realizar o curso de signos, entre outros pola pouca marxe de tempo para organizar e non ter cartos dispoñibles, Froilán Pallín comunicarllo a Fernando de ANPA GALEGAS.

6.- Actividades realizadas

Para presentar a Xunta temos as seguintes

1. Guías para nais e pais Comunicándome con asertividade
2. Obradoiros de Comunicándome con asertividade (10 realizados)
3. Obradoiro de cociña (feito na asemblea)

Para presentar no convenio 2017 coa Deputación

1. Charla acoso (1)
2. Monicreques (3)
3. Brinca Vai (2)
4. Pingüisos (2)
5. Xogos (2)
6. Menores na rede (1)

Pendientes de realizar do convenio coa Deputación 2017

1. Charla acoso (3)
2. Brinca Vai (4)
3. Monicreques (2)
4. Pingüisos (5)

7.- Organización do VI concurso de postais do nadal

Carlos García encargárase do cartaz e buscar agasallos e premios para os gañadores con patrocinadores para que o coste se fora posible sexa cero.

Falarase con Rubén Pombo para que faga de mestre de cerimonia, e con Paco Nogueira para animación musical.

Realizarase no Museo Provincial e mirarase que se poidan proxectar ben as postais.

Farase o sábado 23 de decembro

As bases do concurso serán as mesmas que os outros anos pero enviaranse á xunta directiva para revisar por se precisa algún cambio.

8.-Convenio co Concello comedor escolar

Acórdase coma representante neste convenio a Belén Díaz suplentes Olalla Radio e Carlos García.

Lembrarase ás ANPA de LUGO que afecte o convenio, que teñen que nomear un representante.

9.- Proponse

- Facer venta de lotaría as ANPA para recadar cartos.
- Ter unha xuntanza para explicar o contido dos seguros de responsabilidade civil e accidentes do voluntariado, así coma os dos rapaces.
- Falar co concelleiro Núñez para buscar a maneira de nós ter máis ingresos.
- Pór datas para as reunións da xunta directiva fixas.
- Posibilidade que desde o 1 de xaneiro as nóminas as leve Carlos García.

10.-Queda pendente

- Transporte no ensino rural
- Responder ás ANPA sobre a posibilidade da ampliación da data da Subvención da Deputación que se pechou o principio de setembro.
- Consello escolar: zonificación e as denuncias do colexio a Milagrosa e Cervantes.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 20:30h

O Secretario

Vº e Prace o Presidente

Asdo. Froilán Pallín Seco

Asdo. Belén Díaz Parga

Acta da Reunión Ordinaria da Xunta Directiva da FAPACEL

Asistentes:

Froilán Pallín

Belén Díaz

Luis Blanco

Carlos García

Berta Catoira

Olalla Radio

Isabel Calvete

En Lugo, o 27 de novembro ás 17:30 horas en primeira convocatoria e ás 18:00h en segunda, no local da FAPACEL no Cei-nodus do Concello de Lugo en Garabolos, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

1. Aprobación da acta anterior se procede
2. INFORME DA PRESIDENTA: estado de contas- CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL-agasallos, cartaz e músicos AXEIGO prezo.
3. Información sobre a xuntanza co Concelleiro
4. Cartel local da FAPACEL
5. Organización da próxima Asemblea anual da FAPACEL: lugar de realización e actividade para a rapazada. Actividade a presentar? Xantar
6. ORGANIZACIÓN das actividades no inicio 2018.
7. Suxestións

Comeza a sesión ás 18:00 horas

1.- Lectura e aprobación da acta anterior do 30 de outubro 2017

Apróbase a acta anterior.

2.- Informe da presidenta

Estado de contas. Estamos a día 27 de novembro o corrente de tódolos pagos e temos no banco **2.395,41€**, pero tendo en contan as obrigacións que temos por pagar son

Gastos pendentes de realizar

Actividades, nóminas seguridade social, concurso de nadal seguros ANPA e retención IRPF **4.461.62€**

Ingresos pendentes

Xunta Galicia e ANPA GALEGAS **4.147,73€**

Resultado **2.395,41€-4.461,62€+4.147,73€ = 2.081,52€** dispoñibles para iniciar o ano 2018 se nos fan os ingresos pendentes.

Queda tamén pendente pagar a cota de ANPA GALEGAS 200 euros

Proponse que mentres non teñamos máis ingresos a Ascensión darase de baixa o 1 de xaneiro. En espera dos 2.000 euros pendentes da Deputación polo Convenio de 2017

CONCURSO POSTAIS DO NADAL

O xurado: Isabel vai pedir a dúas pintoras coñecidas e Carlos a Kris que fagan de xurado.

Os diplomas serán semellantes a outros anos

Invitarase a entrega de premios a Deputada Provincial de Lugo Pilar García Porto e a directora do Museo Provincial de Lugo Aurelia Balseiro García

Gardáronse no local os agasallos (doados por ANPA Luis Pimentel; unhas 50 unidades) para a rapazada asistente a entrega de premios e propúxose por unhas pegatinas de nadal neles. Na próxima xuntanza teremos os premios para os gañadores.

O grupo que vai acompañar o mestre de cerimonias é AXEIGO

3.-Información xuntanza co Concelleiro

Entregounos información sobre “Vieiras escolares, vieiras seguras”

Comentou a falta de presupostos

En canto os comedores escolares non recibira os nomeamentos para a supervisión nin para formar o tripartito. Polo que enviouse por whatsapp o seu teléfono o presentado por rexistro.

Propúxose coma representando as ANPA a Comisión Tripartita dos Comedores Escolares, a Elimar Galvati, do CEIP Luis Pimentel

Segue preocupando a situación dos colexios da Milagrosa e de Cervantes de Lugo por a súa falta de seguridade e propúxose levalo o Consello Municipal e se é preciso denuncialo pola posible prevaricación e malversación.

Seguir solicitando unha nova zonificación dos centros escolares.

4.-Cartel local da FAPACEL

Recibimos o orzamento

De CARTAFOL

-en PVC de 3mm por 19.92 +IVA

-en metacrilato de 3mm sen agujeros 41,5+ IVA// con agujeros 49,8 + IVA

Pedirase un novo orzamento a DESEÑO

5.- Organización Asamblea anual 2018

Posibilidade de facela na primeira quincena de abril en Cervantes. Na xuntanza de decembro aportarase máis información.

6.- Actividades para o 2018

Actividades propostas:

- Cardio Vascular
- Marcos Escudero (usa técnicas de debuxar con area)
- Actividade musical: PAKOLAS
- ... e outras que se expoñan en decembro

Facer un modelo de enquisa para saber o grao de satisfacción das actividades realizadas e mandala tamén aquelas ANPA que tiveran actividades e non mandaran memoria.

Levar na próxima xuntanza información obtida das ANPA sobre as actividades.

7.- Reunión solicitada pola Deputada Provincial esta mañá as 11horas

Pilar García Porto comunicounos que seguimos tendo ca Deputación Convenio no ano 2018 nas mesmas condicións que no ano 2017.

8.-Problemática no colexio de Cervantes

Isabel expón que no CPI de Cervantes estase a dar unha situación preocupante producida por a nova Pedagoga Terapeutica que está a enfrontarse o resto da comunidade educativa danando a convivencia e poñendo en medio a rapazada que está a ser influenciada por ela.

9.- Comunicarase o Concello que falta o ordenador do convenio do local.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 20:15h

O Secretario

Vº e Prace o Presidente

Asdo. Froilán Pallín Seco

Asdo. Belén Díaz Parga

AXENDA DE ACTIVIDADES

Xuntanza co Concelleiro de Lugo 7-02-2017

10 de febreiro

Belén Díaz<zaconela@gmail.com>

Hoxe, 13:04xunta directiva 2016 (xd-FAPACEL@googlegroups.com)

O venres pasado 10 de febreiro representantes de FAPACEL tivemos una reunión con Balseiro, o delegado da Xunta en Lugo; a xefa territorial Mariña Gueimonde; o inspector que leva escolarización Miguel Callón e a técnica de comedores.

Falouse dos comedores dos centros educativos que non teñen alumnado transportado, pedindo pola nosa parte que os debера xestionar a Xunta de Galicia de forma directa, sen que queden a expensas da boa disposición dos concellos ou das ANPA, e como recurso educativo que é e que recoñece no seu decreto a Xunta para favorecer a conciliación laboral e familiar. Comprobamos a pouca sensibilidade do executivo nestes temas.

Tamén se falou da necesaria revisión das zonas de adscrición dos centros escolares nas cidades, sen tocar desde hai máis de 30 anos no caso de Lugo e que non contemplan os cambios e movementos de poboación. Segundo eles, non fai falta e todo está perfecto.

Pedimos un Plan educativo específico para o Rural, e sobre todo que se contemplen as peculiaridades dos concellos da montaña en canto aos ratios profesorado/alumno, especialistas de infantil....

Volvemos entregarlles ás autoridades educativas os documentos que fixéramos coas vosas achegas, as ANPA asociadas, e que tiña o nome de "A educación que queremos"; así como o informe da Educación na montaña e as conclusións das Xornadas das ANPA no rural de novembro de 2016.

Non saímos moi animadas da reunión, pero seguiremos, dentro das nosas posibilidades, perseguindo as melloras que cremos necesarias no ensino público.
Un saúdo

14-2-2017 xuntanza ca CIG LUIS E ASCEN

11/03/2017 20:22

Este sábado, a Federación de ANPA de centros públicos da provincia de Lugo (FAPACEL) celebrou a súa asemblea anual. Esta vez o lugar escollido foi Burela, co fin de reunir as numerosas ANPA asociadas da Mariña. Na asemblea tratáronse temas que preocupan ás familias como os recortes de profesorado nos centros educativos, a pouca transparencia e inflexibilidade dos contratos coas empresas do transporte escolar, que son ás veces as que

determinan os horarios dos centros, ou que hai ANPA que contratan a maiores un ou dous autobuses para paliar as carencias no servizo da consellería, segunda denunciaron, e incluso apuntaron: «a situación laboral irregular das nais que colaboran na vixilancia do alumnado nos comedores que xestiona a Xunta directamente»

12-5-2017 COMEDORES ESCOLARES

Hoxe pola tarde unha representación de FAPACEL reunímonos con Manolo Nuñez para falar de instalacións para un Campamento sen Revalidas e sobre a situación dos Comedores.

En relación aos Comedores Escolares maniféstanos o concelleiro que os Pregos xa están terminados que saen por un lado un prego co Servicio de Catering e outro cos Monitores de Comedores e Actividades Extraescolares.

Que para os catro primeiros meses de curso non ten problema de dotación presupostaría independentemente do que aconteza cos presupostos deste ano.

Serán sometidos ao Pleno do mes de maio.

04/05/2017 13:54

Entrevista coa Televisión de Galicia: **Preocupación pola moda de facer fotos enriba das obras de Garañón**



6 de maio

Reunión cos de Lugonovo e En Marea

8 de maio

Xuntanza cas ANPA DE LUGO no parque de Frigsa tratouse as reválidas e organización para os país e nais que secunden a folga. Estiveron presentes Sanxillao, Luis Piemntel As Mercedes, Albeiros, Casas, Paradaí **CAMPAMENTO SEN REVÁLIDA.**

15 MAIO

Reunímonos as ANPA da montaña en Triacastela a las 4 de la tarde para tratar los seguintes temas:

- Proposta de medidas a tomar en previsión dos próximos recortes
- Resumen de lo que falouse (en relación o rural) na última reunión con En Marea
- Páxina de facebook para promocionar os colexios do rural
- (los que vaian engadindo as compañeiras da montaña)

En principio iremos Pilar, Adela e Isabel, pero si queredes vir alguén máis , perfecto. Xuntámonos na cafetería: El Escondite de Triacastela.

18 de maio

NO CEIP Frei Luis de Granada de Sarria charla sobre as reválidas: Adela e Carlos de FAPACEL

7 de xuño

Reunión convocada por NOVA ESCOLA GALEGA sobre el plan específico para el rural

28 de xuño

Xuntanza cas ANPA DE LUGO e con Luca Chao de En Marea no LAB. Tema o transporte escolar. E a desaparición de colexios no rural.

28 de setembro

Hoxe e xoves e temos Parolando na Radio Burela. Co curso acabado de comezar é un bo momento para falar de educación, e farémolo con Gema (Directora do CEIP Vista Alegre de

Burela), con Rafa (Xefe de Estudos do IES de Foz) e con Giovana (representante da FAPACEL, Federación Provincial de AMPAS). Será, como sempre, de 20,30 a 22,00 horas, no 107.7 da FM.

20 de novembro

Xuntanza co concelleiro no edificio do Concello na praza maior, para trarar as consicións que se atopan os distintos edificios dos colexios de Lugo.

29 de novembro

Consello Escolar Municipal, xuntanza do 29 de novembro de 2017 ás 19:00 horas no Centro Multiusos de Educación López Mella, no Parque da Milagrosa tema a tratar Vieiros Escolares: información e debate

23 de decembro

6º concurso de Postais de Nadal, entrega de premios e agasallos no Museo Provincial de Lugo

PRENSA

